

# BO DÍA, MUNDO!

Anne-Lise Koehler, Éric Serre, 2019

# 963


ESTREA EN NUMAX: 09.07.2022 | V.E. | +5 | 61 min.

Feito en papel maché, as delicadas marionetas cobran vida en stop-motion, con fermosas decoracións coloreadas, para contarlle a peques e maiores a vida da fauna e a flora dos nosos campos e facelos conscientes da preservación da natureza e o equilibrio dos ecosistemas.

**Filme recomendado para nenos e nenas de 5 anos en diante**

«Grandes leccións de vida para educar, non só ás crianzas senón tamén aos adultos, que moitas veces teñen esquecido a esencia da vida»

Irene Abecia, CINEMAGAVIA



## Nota da dirección

A grandeza da natureza! Preto da auga, onde hai millóns de anos apareceu a vida por vez primeira no noso planeta, nace un pequeno lucio. Acompañámolo mentres descobre o mundo e a riqueza e a beleza que o rodean. Irá atopando criaturas microscópicas e todo tipo de insectos, aves e mamíferos que, como todas nós, nacen, quérense e perpetúanse. Facerse maior tamén é cambiar a maneira de ver o mundo. Todos eses animalíños seguen o curso da vida preto da auga rodeada de vexetación. A paisaxe muda co paso das estacións, a alternancia da noite e o día e polo efecto da sol e da chuvia.

Neste mundo, ás veces, os máis débiles son os máis fortes e ás veces estes os máis febles, porque nesta grande aventura que é a vida non sempre gañan os máis fortes. Cada criatura vive unha experiencia diferente e a través das súas paixóns e o seu carácter atopamos unha visión diferente, divertida e poética do mundo. Unha visión coral dun mundo moi diverso e á vez compartida por todos. A medida que se van facendo maiores, cada animalíño descobre as súas capacidades e os seus soños evólúen. Que tes que comer ou quen os pode comer son cousas que se aprenden deseguido, pero tamén hai outros factores que rexen a vida, como a simbiose, a adaptación, a metamorforse, etc.

As aventuras e os encontros destes animais mostran os vínculos que se establecen entre os distintos seres vivos. Ninguén está só neste mundo, todas estamos relacionadas unhas coas outras. As dúbidas, as preguntas e os diferentes puntos de vista ofrecen unha visión complementaria e constrúen un mundo complexo e fascinante: o noso.

As miradas de sorpresa e entusiasmo de todos os animais de *Bo día, mundo!* fannos redescubrir unha natureza que pensabamos que xa coñeciamos. Convídanos a volvernos facer a pregunta universal: quen son eu entre toda a vida que me rodea? Nesta obra cinematográfica os monicreces, as esculturas, a pintura e a animación reinterpreta a natureza e nola mostra desde a mirada creativa da arte.

"Temos que comprender que cada animal ten a súa visión do mundo.  
Temos que aprender moito da diversidade de puntos de vista.  
Contemplar a natureza é observar o mundo con moita calma,  
alén de calquera xerarquía e sen ningún xuízo de valor.  
Esta observación tan agradable axúdanos  
a coñecernos a nós mesmas e a amar a vida".

Anne-Lise Koehler